

Celga



3

ta: 7 de novembro de 2007
Modelo: 2a



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Data: 24 de maio de 2008
Modelo: C3/2008/A

Proba A1

Despois de ver a reportaxe, escriba un texto de opinión sobre o problema das adiccións. Nese texto, de 300 palabras, vostede deberá:

- Definir a adicción que lle parece máis perigosa entre as que se enumeran no vídeo e xustificalo.
- Argumentar a favor ou en contra da afirmación que se fai na reportaxe sobre **dúas** das seguintes correlacións:
 - Internet – problemas de soidade e illamento;
 - operacións de estética – busca de perfección;
 - comprar – imaxe social do éxito.
- Concluir propondo algunha alternativa para tratar ou combater o problema das adiccións dunha forma xeral.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

Proba A2

Este é un comentario que alguén escribiu no blogue da páxina web do seu concello. Logo de lelo, vostede vai escribir un texto no que dea a súa opinión sobre o tema tratado, asinándoo cun pseudónimo. Nese texto, de 300 palabras, deberá:

- Informar do lugar do concello no que vostede vive.
- Comunicar as repercusións positivas e negativas que as rúas peonís teñen para vostede.
- Achegar argumentos que rebatan a postura do autor do devandito comentario.
- Propor algunhas solucións para resolver os problemas que el sinala.

INFO CONCELLO

Rúas peonís

O concello terminou as obras no centro da cidade, coa conversión de varias rúas en peonís e a ampliación das beirarrúas na maioría delas.

Comentarios

4 de febreiro de 2008 [11:29 am](#)

Son un cidadán que vivo no centro da cidade e quero manifestar o meu desagrado pola conversión da maioría das rúas do centro da cidade en rúas peonís. Xa sei que o Concello se xustifica dicindo que supón unha mellora na calidade de vida das persoas e que mellora esteticamente a cara da cidade, pero coido que son máis os prexuízos que trae que as vantaxes.

En primeiro lugar, estou totalmente en contra porque están a desactivar todo o comercio do centro urbano. Eu, que tiven unha pequena tenda durante moitos anos e que coñezo moitas das persoas que aínda viven do seu negocio, sei da importancia de que a xente poida ter un fácil acceso para a súa compra. Agora a xente só frecuenta o comercio das grandes superficies das aforas e no centro só vai aos lugares de ocio: cafeterías, bares ou restaurantes. De feito, creo que son os grandes beneficiados por esta medida, xa que poden montar as súas terrazas na rúa.

Pero se cadra aínda hai un problema maior ca este e que ten que ver cos servizos públicos: a algunhas das rúas, sen convertelas completamente en peonís, ampliáronlles as beirarrúas e eliminaron os lugares para aparcar, co cal na maioría delas só cabe un coche e, polo tanto, nos días que hai moito tráfico quedan totalmente colapsadas. Deste xeito, que se vai facer o día que haxa que evacuar de urxencia a alguén nunha ambulancia? Alguén se parou a pensar o drama que se podía vivir?

Polo tanto, rúas cómodas e peonís si, pero controladas e que non supoñan nin un impedimento, nin un obstáculo para quen queira e teña que saír e entrar nelas en coche.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Respostas a este comentario
